



# PLAN DIXITAL

## CEIP ANTÍA CAL VÁZQUEZ (MURAS)

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. **Introdución**

### 1.1. **Datos básicos do centro**

Nome do centro: CEIP Antía Cal Vázquez

Código do centro: 27015876

Provincia: Lugo

Enderezo: Rúa da Margarida s/n

Código Postal: 27836

Teléfono: 982870596

NIF: Q 7755054 I

Dirección de correo electrónico: ceip.antia.cal.vazquez@edu.xunta.gal

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipantiacalvazquez/>

Nº de alumnado: 12 (Infantil e Primaria)

Profesorado: A claustro do colexio está formada por unha mestra con destino definitivo, titora de Primaria e responsable do centro; un mestre interino especialista en inglés, que exerce tamén as labores de titor de Educación Infantil e unha mestra definitiva de relixión e orientadora, adscritas.

### 1.2. **Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

O colexio está localizado no entorno urbano de Muras, que é un concello situado no norte da provincia de Lugo, de 163,82 km<sup>2</sup>. Pertence á comarca da Terra Cha e está formado por cento noventa e oito entidades de poboación distribuídas en oito parroquias repartidas nunha área montañosa en pleno corazón da Serra do Xistral. Conta na actualidade cunha poboación aproximada de 611 habitantes.

A economía do concello depende en gran medida dos sectores agrícola e industrial, destacando a aportación das empresas Ferroplast SL, TEP SA e Tras Gra Mur SL.

Un sector destacado nesta área é a produción de enerxía eólica (enmarcada dentro das enerxías renovables) con importantes inversión das empresas Iberdrola, Acciona, ECYR e Norvento. Este feito redundará moi positivamente na economía da zona, sendo un dos concellos da provincia que máis se beneficia desta casuística.

Tamén son importantes os ingresos económicos procedentes do emprego ofertado nos concellos limítrofes: a industria das Pontes de García Rodríguez e os servizos de Vilalba e Viveiro.

Dada a natureza do centro non se conta cun Proxecto Educativo actualizado, tarefa que se irá realizando nos vindeiros cursos académicos.

O Plan Dixital contribuirá a desenrolar dentro da Programación Xeral Anual aspectos vencellados á adquisición de competencias en novas tecnoloxías que non se estiveron a abordar nos anteriores cursos, o que nos leva a estar no punto inicial que se desenvolve no apartado nº 2 deste documento.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. Tamén se tivo en conta a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os seguintes principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
  
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.

c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

#### 1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación, e realizarase en base a información recollida no informe de análise da situación do centro. Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou unha análise da situación mediante a ferramenta de auto-avaliación SELFIE e o test CDD. Logo iniciouse a fase de diagnose e finalmente o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital. E no curso 2022/2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta cunha boa conectividade a Internet tanto por cable como sen fíos. Non ten unha aula específica de novas tecnoloxías e na actualidade non se desenvolve ningún proxecto dixital, nin se dispón dun responsable do departamento TIC. Contamos soamente con 4 equipos informáticos para a disposición dos mestres e 1 para a disposición do alumnado. Dispoñemos dunha páxina web actualizada e de aulas virtuais que actualmente non se están a usar.

### 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3				

	Profesorado	2,8				
	Alumnado	2				
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	2,4				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado	3,3				
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	-				
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	4				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	-				
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3				

## TEST CDD

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	1		
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>	1		
<b>SUBSTITUTO</b>			
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

## 2.3. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	68	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>PRIM</b>	68	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

## 2.4. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	1	50%
B1	1	50%
TOTAL	2	100 %

## 2.5. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Hai suficientes espazos libres no colexio para albergar unha aula TIC, da que actualmente non dispoñemos	Dispoñemos de poucos equipos informáticos. Os espazos de traballo actuais son inadecuados para levar a cabo unha metodoloxía TIC
	PERSOAL DOCENTE	O centro conta cunha excelente implicación por parte do profesorado	Escasa formación TIC do persoal docente
	PERSOAL NON DOCENTE	Non procede	Non procede
	ALUMNADO	Os grupos son moi reducidos o que permite atender as demandas do alumnado	O alumnado conta con poucas oportunidades, e polo tanto poucas competencias, en contornos dixitais
	FAMILIAS	As familias están moi implicadas no proceso ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos/as.	Non hai actividades extraescolares dispoñibles na contorna que poidan reforzar a implementación do plan, como poden ser por exemplo unhas clases de mecanografía.
	OFERTA	A existencia de actividades de formación TIC terían boa acollida ao no haber actualmente ningunha oferta desta tipoloxía na contorna	A tipoloxía do colexio limita o tempo dispoñible dos mestres para invertir no plan dixital
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Non procede	Non procede

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O CEIP é moi pequeno , polo que se require de pouca inversión económica	Sobre o CEIP planea a ameaza dun peche inminente
	LEXISLACIÓN	A lexislación vixente aboga pola progresiva mellora das competencias dixitais do alumnado	Non procede
	CONTORNA	Non procede	Dada a situación xeográfica do centro (de montaña e poboación dispersa) percíbese certo illamento socio-cultural das familias e do noso alumnado

<b>ANPA</b>	A ANPA está moi implicada no proceso de ensinanza e aprendizaxe dos seus fillos e colaboran moito co colexio.	Non procede
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	O concello móstrase colaborador en todas as propostas que se lle plantexan	Non procede



### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Como punto de partida para a elaboración do Plan de Acción realizamos unha análise DAFO do centro a finais do segundo trimestre, o que nos permitiu obter os obxectivos que marcarán a nosa estratexia de actuación no vindeiro curso 2022/2023, no que o Plan estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

As áreas prioritarias de mellora escollidas para determinar os obxectivos son as seguintes:

- ✓ Infraestruturas e equipos
- ✓ Desenvolvemento profesional continuo
- ✓ Competencias dixitais do alumnado
- ✓ Ditos obxectivos son:
  - - Adquirir máis equipos informáticos
  - - Habilitar un espazo de traballo que favoreza a competencia dixital
  - - Mellorar as competencias dixitais do equipo docente
  - - Proporcionar ao alumnado novas experiencias en contornos dixitais

Estes obxectivos levan asociados unha serie de indicadores, así como valores de partida e valores previstos e data, que están especificados nos cadros que se desenvolven no seguinte apartado.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro ten unha imperiosa necesidade de mellorar a súa infraestrutura e equipamento xa que na actualidade non se conta nin cunha aula específica nin con un número axeitado de equipos informáticos para o desenvolvemento óptimo da competencia dixital do noso alumnado.

As necesidades concretas serían:

- Adquisición de como mínimo 10 equipos informáticos (tanto contando os que se poidan adquirir dende o centro como os que sexan dotados pola administración e outras entidades) para ter ao menos un equipo informático para cada dous alumnos.
- Acondicionamento dunha aula para instalar nela os equipos informáticos e ter así un espazo axeitado para o desenvolvemento de actividades TIC.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS						
1. OBXECTIVO (1):	ADQUIRIR MÁIS EQUIPOS INFORMÁTICOS				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de ordenadores que se poidan adquirir					
Valor de partida (3)	10 ordenadores para crear unha aula de informática					
Valor previsto e data (4)	10 ordenadores para crear unha aula de informática			FINAIS DO CURSO 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Adquisición por parte do centro de 2 equipos informáticos	Responsable do centro	1º Trimestre	Orzamento propio de centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar á administración 8 equipos informáticos	Responsable do centro	1º Trimestre	Orzamento específico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS</b>						
<b>2. OBXECTIVO:</b>	HABILITAR UN ESPAZO DE TRABALLO QUE FAVOREZA A COMPETENCIA DIXITAL				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Todo o claustro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Creación dunha aula TIC específica					
<b>Valor de partida</b>	Creación dunha aula TIC específica					
<b>Valor previsto e data</b>	Creación dunha aula TIC específica				Primeiro trimestre	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Acondicionamento do espazo e mobiliario</b>	Todo o claustro	Outubro-Novembro	Mobiliario propio do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Solicitar á UAC a instalación dos recursos TIC e asesoramento dixital</b>	A UAC	Outubro-Novembro	Recursos materiais propios da UAC e todos aqueles que nos puidesen ser demandados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO						
<b>3. OBXECTIVO:</b>	MELLORAR AS COMPETENCIAS DIXITAIS DO EQUIPO DOCENTE				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	A responsable do centro e mestre provisional				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Mellora efectiva das competencias dixitais do profesorado					
<b>Valor de partida</b>	O profesorado ten nocións moi básicas no manexo das novas tecnoloxías					
<b>Valor previsto e data</b>	Ao final de curso o profesorado acada a competencia dixital suficiente que lle permita manexarse de forma doada en contornas dixitais o que lle vai a permitir a creación de recursos dixitais propios.			Terceiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Participar en cursos de formación para a mellora das competencias dixitais do profesorado</b>	A responsable do centro e o mestre provisional	Terceiro trimestre	Acceso a plataformas de aprendizaxe a través da internet	-0 cursos de formación completados	Realizada	
				-1 ou 2 cursos de formación completados	Aprazada	
				- Máis de 2 cursos de formación completados	Pendente	
<b>AO1.2: Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de Primaria</b>	A responsable do centro e o mestre provisional	Terceiro trimestre	Conexión a internet e ordenadores	-0 recursos creados	Realizada	
				-Entre 1 e 5 recursos creados	Aprazada	
				- Máis de 5 recursos creados	Pendente	
<b>A01.3: Subida a aula virtual de recursos dixitais adaptados ao currículo de Primaria</b>	-0 cursos de formación completados	Terceiro trimestre	Conexión a internet e ordenadores	-0 recursos subidos	Realizada	
				-Entre 1 e 5 recursos subidos	Aprazada	
				- Máis de 5 recursos subidos	Pendente	

<b>“Área/s de mellora”: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO</b>						
<b>4. OBXECTIVO:</b>	Proporcionar ao alumnado novas experiencias en contornos dixitais				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	A responsable do centro e o mestre provisional				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	O centro facilita ao alumnado novas experiencias en espazos dixitais O centro solicita a ANPA e ao concello que oferten actividades orientadas a favorecer a competencia dixital do alumnado fóra do centro					
<b>Valor de partida</b>	Non se usa a aula virtual do centro e os alumnos só reciben unha sesión semanal dunha hora de informática fóra do centro					
<b>Valor previsto e data</b>	Uso regular da aula virtual por parte do profesorado e alumnado Ampliación da oferta de actividades extraescolares relacionadas cas TICs			Terceiro trimestre		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Dinamizar o uso da aula virtual</b>	A responsable do centro e o mestre provisional	Terceiro trimestre	Conexión a internet e ordenadores	-Se puxo en marcha a aula virtual -O alumnado usa periódicamente a aula virtual	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Solicitar á ANPA e ao concello que amplíen a oferta de actividades orientadas a favorecer a competencia dixital do alumnado fóra do centro</b>	A responsable do centro	Terceiro trimestre	-Espazo para o desenvolvemento das actividades -Persoal cualificado na materia para impartir as clases, obradoiros, talleres...	-A ANPA e o concello ofertaron ao menos unha actividade extraescolar relacionada cas TICs as que acudiron do 0 ao 40 % do alumnado A ANPA e o concello ofertaron ao menos unha actividade extraescolar relacionada cas TICs as que acudiron do 40 ao 80 % do alumnado A ANPA e o concello ofertaron	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

				ao menos unha actividade extraescolar relacionada cas TICs as que acudiu 0 100% do alumnado		
--	--	--	--	---	--	--

## 4. Avaliación do plan

O seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase de forma trimestral, ao remate de cada avaliación e coincidindo co remate de curso levarase a cabo unha avaliación final. Para iso teranse en conta as seguintes táboas de cotexo:

AVALIACIÓN:

ACCIÓNS	Estado de execución da acción	Análise e valoración dos resultados	Propostas de mellora
Adquisición por parte do centro de 2 equipos informáticos			
Solicitar á administración 8 equipos informáticos			
Acondicionamento do espazo e mobiliario			
Solicitar á UAC a instalación dos recursos TIC e asesoramento dixital			
Participar en cursos de formación para a mellora das competencias dixitais do profesorado			
Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de Primaria			
Subida a aula virtual de recursos dixitais adaptados ao currículo de Primaria			
Dinamizar o uso da aula virtual			
Solicitar á ANPA e ao concello que amplíen a oferta de actividades orientadas a favorecer a competencia dixital do alumnado fóra do centro			



## AVALIACIÓN FINAL

Obxectivos	Estado de consecución dos obxectivos	Análise e valoración dos resultados	Propostas de mellora
<b>ADQUIRIR MÁIS EQUIPOS INFORMÁTICOS</b>			
<b>HABILITAR UN ESPAZO DE TRABALLO QUE FAVOREZA A COMPETENCIA DIXITAL</b>			
<b>MELLORAR AS COMPETENCIAS DIXITAIS DO EQUIPO DOCENTE</b>			
<b>PROPORCIONAR AO ALUMNADO NOVAS EXPERIENCIAS EN CONTORNOS DIXITAIS</b>			

## 5. Difusión do plan

O plan será presentado en Consello Escolar ao remate do curso 2021/22, e unha vez aprobado, será difundido entre toda a comunidade educativa. Para elo proporcionaráselle un exemplar a ANPA, unha versión dixital estará a disposición de todos os usuarios na páxina web do centro e unha copia en formato papel quedará na sala de profesores para poder ser consultado en calquera momento por todo o claustro.